

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 12 DE MARZO DE 2020

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:30 horas do día 12 de marzo, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada pola presidenta o 9 de marzo, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidenta:** D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez
- Vocais:** D^a. Susana García Álvarez, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Incidencias

a) Procedemento aberto simplificado para o alleamento de efectos non utilizables (vehículos ao final da súa vida útil e material de chatarra) (13.981-445) (lote 2)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A secretaria comunica aos membros da Mesa que con data do 9 de marzo de 2020 NIETO DA COSTA, S.L. presenta un escrito (documento nº 200038815) no que indica "A la vista del acta publicada en el perfil de contratación donde se recoge el resultado de la apertura de las ofertas económicas, Nieto Da Costa,SL, que su oferta adolece de error que la hace inviable de no ser posible su rectificación, al amparo del artículo 85 del RD 1098/2001".

En cumprimento do artigo 84 do RD 1098/2001, do 12 de outubro, a Mesa acorda, por unanimidade, rexeitar a proposición presentada por NIETO DA COSTA, S.L. desta licitación por ter recoñecido o licitador que adolece de erro que a fai inviable.

A Mesa comproba que a única proposición admitida neste procedemento, presentada por IMPORT. EXPORT. MARTINEZ SOUTO, S.L., non contén valores anormais de conformidade co previsto na cláusula 18 do PCAP.

A cláusula 16 do PCAP "CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO" prevé para o lote 2:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 06:05	Páxina 1 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA844-E5BD3D-A855D8-NSD1RS-BY2SQC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

"1.- Incremento dos prezos unitarios mínimos exixidos no PPT para os diferentes materiais: valorarase con ata 100 puntos

O prezo unitario estará expresado en euros cun máximo de dous decimais.

Para cada unha das seguintes categorías de materiais cos seguintes tipos mínimos:

MATERIAL	PREZO MÍNIMO
Metais ferrosos	0,105 €/kg
Metais de aluminio incluíndo cable co illamento	0,29 €/kg
Cable de cobre co illamento	0,79 €/kg
Caixa de camiión con ferro e fibra	0,075€/kg

Para a valoración deste apartado se calculará o "valor total ofertado (Vof)", o cal obterase do resultado da seguintes operacións:

- Primeiro: Se multiplicará o prezo ofertado para cada un dos materiais, polo número de quilogramos estimados para cada tipo de materiais (cadro anterior e Anexo I e II PPTP).
- Segundo: se procederá á suma dos resultados obtidos nas multiplicación anteriores, e o valor resultante conformará o "valor total ofertado (Vof)" para cada licitador.

Procederase a ordenar as ofertas realizadas, por orden decrecente en función do "valor total ofertado (Vof)". Correspondendo o primeiro clasificado co "Vof" mais alto e o resto por orden decrecente, e os empates resolveranse de conformidade co establecido no artigo 147.1 LCSP".

De conformidade coa cláusula anterior, a valoración é a seguinte:

LOTE Nº 2	PESO ESTIMADO (KG)	IMPORT. EXPORT. MARTINEZ SOUTO, S.L.	
Materiais	KG	Oferta	Valoración
Metais ferrosos	150.000,00	0,181 €	27.150,00 €
Metais de aluminio incluíndo cable co illamento	1.800,00	0,600 €	1.080,00 €
Cable de cobre co illamento	1.900,00	1,800 €	3.420,00 €



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



LOTE Nº 2	PESO ESTIMADO (KG)	IMPORT. EXPORT. MARTINEZ SOUTO, S.L.	
Caixa de camión con ferro e fibra	1.500,00	0,100 €	150,00 €
TOTAL			31.800,00 €

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de prestación do programa de coidadores de barrio do Servizo de Benestar Social do Concello de Vigo reservado a empresas de inserción (disposicións adicionais 4ª e 48ª da LCSP) (194.221-301) (emenda de documentación)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 3 de marzo de 2020, o 5 de marzo, se concedeu un prazo de tres días a E.I.L. CORMO INTEGRAL S.L.U. para que puidese emendar a documentación persoal.

Durante o referido prazo, o licitador presentou documentación. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade, admitir neste procedemento a E.I.L. CORMO INTEGRAL S.L.U. por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras de "Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria" (360-441)

Retírase este asunto da orde do día por problemas técnicos.

c) Procedemento aberto para a contratación da xestión do centro de usos múltiples Vigosónico da Concellería de Xuventude (8.922-336)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 06:05	Páxina 3 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA844-E5BD3D-A855D8-NSD1RS-BY2SQC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2. XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.

d) Procedemento aberto para a contratación de servizos para o mantemento integral das instalación de calefacción e auga quente sanitaria dos colexios públicos da Cidade de Vigo (23.692-332)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. ANCIN CLIMA, S.A.
 2. ÁNGEL ROADE, S.L.
 3. GALTECMA SOCIEDAD COOPERATIVA
 4. CLECE, S.A.
 5. COMSA SERVICE FACILITY MANAGEMENT, S.A.U.
 6. ELECNR, S.A.
 7. IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L.
 8. INERPROMA MEDIOAMBIENTE, S.L.
 9. MONCOBRA, S.A.
 10. SACYR FACILITIES, S.A.
 11. VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de prestación do programa de coidadores de barrio do Servizo de Benestar Social do Concello de Vigo reservado a empresas de inserción (disposicións adicionais 4ª e 48ª da LCSP) (194.221-301)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" do único licitador presentado e admitido.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras de "Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria" (360-441)

Retírase este asunto da orde do día por problemas técnicos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 06:05	Páxina 4 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA844-E5BD3D-A855D8-NSD1RS-BY2SQC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



c) Procedemento aberto para a contratación da xestión do centro de usos múltiples Vigosónico da Concellería de Xuventude (8.922-336)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de asesoramento a PEMES e emprendedores dentro da estratexia DUSI "VIGO VERTICAL" (cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional – FEDER) (16.737-77)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local o 10 de marzo de 2020 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para o mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria dos colexios públicos da Cidade de Vigo (23.692-332)

Retírase este asunto da orde do día por problemas técnicos.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de asesoramento a PEMES e emprendedores dentro da estratexia DUSI "VIGO VERTICAL" (cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional – FEDER) (16.737-77)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo do contrato
1	ADECCO FORMACION, S.A.U.	475.949,08 €



	Licitador	Prezo do contrato
2	ARXON ESTRATEGIA, S.L.U.	287.015,49 €
3	UTE BEPROJECT CONSULTORIA DE FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. Y HTO ABOGADOS, S.L.P.	394.279,75 €
4	CINK VENTURING, S.L.	386.595,00 €
5	UTE DIRECCION POR IMPLICACION, S.L. Y CONSULTING EMPRESARIAL CASARES, S.L.	300.793,90 €
6	INOVALABS DIGITAL, S.L.	310.456,96 €
7	KPMG ASESORES, S.L.	326.700,00 €
8	PENINSULA CORPORATE INNOVATION, S.L.	287.423,40 €

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asisten á apertura D Pablo Lago Almeida con DNI ****.*81.25***, Da Alba Valdés Rodríguez con DNI ****.*73.21***, Da Isabel Vázquez Rodríguez con DNI ****.*74.54***, D Juan José Gaspar Conae con DNI ****.*03.94***, D José Manuel Vidal Millán con DNI ****.*16.45***. As actas de asistencia asinadas figuran no correspondente expediente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliábeis mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de licenzas Windows de estacións de traballo e a actualización-mantemento das licenzas Citrix propiedade do Concello de Vigo (9.006-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica o 11 de marzo de 2020 de valoración do sobre C "*proposición avaliábeil mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de licenzas Windows de estacións de traballo e a actualización-mantemento das licenzas Citrix propiedade do Concello de Vigo (9.006-113)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 06:05	Páxina 6 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA844-E5BD3D-A855D8-NSD1RS-BY2SQC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de licenzas Windows de estacións de traballo e a actualización-mantemento das licenzas Citrix propiedade do Concello de Vigo (9.006-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	OZONA CONSULTING	90,00
2	TÉCNICOS ASOCIADOS INFORMÁTICA, S.A.U.	2,22

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, OZONA CONSULTING (B-36.499.960), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

b) Procedemento aberto simplificado para o alleamento de efectos non utilizables (vehículos ao final da súa vida útil e material de chatarra) (13.981-445)

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación, a Mesa acorda, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Rexeitar a proposición presentada por NIETO DA COSTA, S.L. desta licitación por ter recoñecido o licitador que adolece de erro que a fai inviable (artigo 84 do RD 1098/2001, do 12 de outubro).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida no lote 2 deste procedemento aberto simplificado para o alleamento de efectos non utilizables (vehículos ao final da súa vida útil e material de chatarra) (13.981-445) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Oferta
1	IMPORT. EXPORT. MARTINEZ SOUTO, S.L.	31.800,00 €

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMPORT. EXPORT. MARTINEZ SOUTO, S.L. (B-36.334.415), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación, ao non estar inscrito nun rexistro de contratistas:

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 06:05	Páxina 7 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA844-E5BD3D-A855D8-NSD1RS-BY2SQC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo necesario para o mantemento e soporte de aplicacións propiedade do Concello (2020-2025) (8.952-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo necesario para o mantemento e soporte de aplicacións propiedade do Concello (2020-2025) (8.952-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 30 de decembro de 2019 a Xunta de Goberno local, acordou:

"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario coa finalidade de realizar a contratación do servizo para a "Contratación do servizo de mantemento de software desenvolvido internamente (2020-25)"

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación e asinado en data 19/12/2019.

TERCEIRO.-Aprobar o Prego de Cláusulas Técnicas Particulares, de data 11/12/2019 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica

CUARTO.- Autorizar o gasto de 120.000,00 €, que inclúe un IVE de 20.826,44 €, dende o 1 de marzo de 2020 , o cal se imputará ás seguintes partidas:

Partida	Importe (con iva)
9207.2279902 Mantemento Software	70.000 €
2310.2279900 Estudos e traballos técnicos-Área de Benestar Social	30.000 €
9320-2279900 Estudos e traballos técnicos-Xestión de	20.000 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 06:05	Páxina 8 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA844-E5BD3D-A855D8-NSD1RS-BY2SQC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Ingresos

QUINTO.- *Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista*”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 28 de decembro de 2020 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo necesario para o mantemento e soporte de aplicacións propiedade do Concello (2020-2025) (8.952-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	IMATIA INNOVATION, S.L.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMATIA INNOVATION, S.L. (B-36.499.960), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMATIA INNOVATION, S.L., o día 3 de marzo de 2020, que presenta a documentación requirida o 10 de marzo, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 12 de marzo de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar IMATIA INNOVATION, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por IMATIA INNOVATION, S.L., de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor de data 18 de febreiro de 2020 e co acordo da Mesa de Contratación do 27 de febreiro de 2020 polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación na proposición avaliable a través de fórmula (cláusula 16.3 do PCAP).

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Adxudicar a IMATIA INNOVATION, S.L. (B-36.499.960) o procedemento aberto para a contratación do servizo necesario para o mantemento e soporte de aplicacións propiedade do Concello (2020-2025) (8.952-113) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 120.000 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 20.826,45 euros, cunha porcentaxe de desconto único do 10% a aplicar aos prezos unitarios consignados en el apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- b) Propón unha bolsa de horas adicionais de programadores sen custo para o Concello de 181 horas.*
- c) Propón unha bolsa de horas adicionais de analista sen custo para o Concello de 43 horas.*
- d) Propón unha bolsa de horas adicionais de xefe de proxecto sen custo para o Concello de 18 horas.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 06:05	Páxina 10 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA844-E5BD3D-A855D8-NSD1RS-BY2SQC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:10 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 06:05	Páxina 11 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA844-E5BD3D-A855D8-NSD1RS-BY2SQC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		